



Instrución 7/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2024/25 nos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza.

Tendo en conta as particulares características organizativas dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, e para a aplicación da ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº80), cómpre ditar as seguintes instrucións para a organización destas ensinanzas no vindeiro curso académico 2024/25.

1. Calendario das actividades lectivas

1.1 Segundo o artigo 5, punto 1, da ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial realizaranse desde o día 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025, ambos incluídos. O artigo 15 da citada orde establece que o alumnado ten o dereito e a obriga de asistir ás clases ata o día en que rematen as actividades lectivas, segundo as datas reguladas no amentado artigo 5 da orde, e o profesorado debe cumprir as súas funcións e o seu horario.

1.2 O punto 2 do citado artigo 5 establece que no caso das ensinanzas de réxime especial, poderá flexibilizarse o inicio das actividades lectivas tendo en conta as características e particularidades deste tipo de ensinanzas. En calquera caso, as actividades lectivas deberán ter comezado o día 16 de setembro de 2024, non podendo flexibilizarse máis aló desta data.

2. Calendario fin de curso

2.1 Ao abeiro do artigo 13 da ORDE do 12 de abril de 2024, para as sesións de avaliación final do alumnado das ensinanzas de réxime especial, concretamente nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a dirección do centro deberá propor á dirección territorial antes do día 30 de abril de 2025 as datas correspondentes para a súa autorización, tendo en conta que a avaliación final ordinaria, de ambos os dous graos, elemental e profesional, deberá desenvolverse do 3 ao 5 de xuño, nas datas e horarios a determinar polos centros educativos. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 5 de xuño.

2.2 A avaliación final do alumnado matriculado no sexto curso de grao profesional realizarase o día 12 de maio. En todo caso, os conservatorios profesionais garantirán que desde o 13 de maio se poderá realizar a entrega da certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título profesional, coa indicación da nota media do expediente, ao alumnado que supere o sexto curso. Cando concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas que requiran a realización da avaliación final con anterioridade ao día 12 de maio, os centros deberán remitir solicitude á dirección territorial correspondente, que resolverá, logo de informe do servizo territorial de inspección educativa.





2.3 O alumnado matriculado no sexto curso de grao profesional que desexe realizar a avaliación final nas datas establecidas con carácter xeral para o grao profesional, no mes de xuño, deberá solicitalo na primeira quincena de abril á dirección do centro.

2.4 O alumnado que estea a cursar 2º de bacharelato e simultaneamente materias de grao profesional dun curso distinto de sexto e precise da obtención do correspondente certificado aos efectos de validacións para obter o título de bacharel poderá solicitar á dirección do centro na primeira quincena de abril a realización da avaliación final en maio, nas datas establecidas para o sexto curso de grao profesional.

2.5 As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 3 de xuño, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros educativos.

2.6 As probas extraordinarias serán organizadas polos centros educativos, e levaranse a cabo a partir do 20 de xuño.

2.7 Tendo en conta o artigo 15 da ORDE do 12 de abril de 2024, durante o mes de xuño, as direccións dos centros públicos de ensinanzas de réxime especial poderán adaptar o horario do profesorado ás necesidades específicas de cada centro. En todo caso, a adaptación do horario do profesorado non poderá supor variación do número global de horas semanais de permanencia no centro previsto no horario lectivo de cada profesora ou profesor.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

